

Reforzo

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1R. Relaciona cada situación coa forma de comunicación correspondente.

- Un condutor que toca a bucina. **Son.**
- Enviar un correo electrónico a alguén. **Linguaxe escrita.**
- Falar por teléfono cun amigo. **Linguaxe oral.**
- Parar nun sinal de STOP. **Imaxe.**
- Dúas persoas que se abrazan. **Xesto.**

2R. Fíxate nas situacións que se presentan a seguir e di que forma de comunicación se emprega en cada unha.

- Dúas persoas conversan animadamente. **Linguaxe oral.**
- Portada dun xornal. **Linguaxe escrita**
- Un coche parado ante un semáforo. **Imaxes.**
- Sona o timbre do recreo. **Sons.**

1A. Contesta.

- Que linguas coñeces?

Resposta libre.

- Que linguas falas ti?

Resposta libre.

- Pon cinco exemplos de linguas do mundo.

Exemplo: francés, romanés, italiano, inglés, chinés...

Reforzo

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1R. Escribe o sinónimo das seguintes palabras.

Amencer → (alba, abrente)

Raia → (liña, lista)

Chuvisca → (orballo, babuña)

Póla → (rama, galla)

Amigo → (compañeiro, colega)

Apetito → (fame, garula)

Cartel → (pancarta, póster)

Cinsa → (borralla, cinza)

Perfume → (aroma, recendo)

Colexio → (escola)

2R. Forma antónimos das seguintes palabras cos prefixos in-, im-, e des-.

incontinencia

imposible

inesquecible

desenroscar

descatalogado

intranquilo

desconsolado

desagradable

despreocupado

impaciente

desfacer

incapaz

intratable

incómodo

desarmar

insalvable

desagradable

impar

impertinente

desconfianza

3R. Ditado.

Roi e Uxía son dous irmáns xemelgos que van en quinto de Educación Primaria. El é un ás das matemáticas e ela un fenómeno das linguas. Cando Roi ten dificultades ou dúbidas lingüísticas, súa irmá é coma un libro aberto. E cando Uxía ten problemas coas matemáticas, o seu irmán é a mellor das calculadoras. Ningún dos dous ten problema en axudar o outro. Bótanse unha man e así todo resúltalle máis fácil.

Reforzo

Nome: _____ Curso: __ Data: _____
--

Expresión escrita

1R. Completa a carta seguinte. Imaxina que es o director de vendas dunha empresa e queres achegar o teu novo catálogo. **Resposta libre.**

Don _____
A cargo do Departamento _____
r/ _____
C.P. _____
_____ 2015
Distinguido Sr. ou Sra.:
Diríxome a vostede para solicitar:

Quedo á espera da súa resposta.
Atentamente,
Víctor Martínez, Xefe de vendas



Reforzo

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Literatura

1A. Le os seguintes textos e contesta.

Ai ondas que eu vin ver

Ai ondas que eu vin ver,
se me saberedes dizer

por que tarda meu amigo sen min.

Ai ondas que eu vin mirar,
se me saberedes contar

por que tarda meu amigo sen min

Martín CÓDAX

As Illas Cíes

O arquipélago das Illas Cíes protexe a entrada da ría de Vigo en disposición norte-sur con tres illas principais e varios illotes menores. A costa oeste das Cíes caracterízase pola altitude e a dureza dos acantilados; pola contra, as ladeiras da costa leste descenden ata praias de fina area.

- Cal é un texto literario?

O primeiro.

- E cal é un texto non literario?

O segundo.

- Por que?

O primeiro porque está escrito en verso e utiliza unha linguaxe e unha sonoridade especiais. O segundo é un texto informativo das Illas Cíes.

- Busca un pequeno texto non literario e cópiao.

Resposta libre.

Reforzo

Nome: _____ **Curso:** __ **Data:** _____

Técnicas de estudo

1R. Realiza un horario con todas as clases que teñas.

Resposta libre.

